

Materia: TIC I Curso: 1º BAC Carga lectiva: 2h/semana

Presentación da materia

Esta materia ten por finalidade preparar ao alumno para desenvolverse nunha contorna dixital e dotalo dun marco adaptativo enfocado á necesidade de aprendizaxe permanente e constante que implica o uso das novas tecnoloxías.

A materia pretende ao mesmo tempo educar no uso de ferramentas que faciliten a interacción dos mozos coa súa contorna, así como nos límites éticos e legais que implica o seu uso. Para iso, nesta materia explícanse algúns aspectos técnicos que se desenvolven con maior profundidade na materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación de 2º Bacharelato. Ao longo dos temas da materia, o alumno coñece a arquitectura básica dos sistemas informáticos, aprende a manexar programas informáticos destinados á edición de follas de cálculo, procesadores de texto, editores de imaxe, vídeo e creación de presentacións. Será capaz de instalar e manexar diferentes sistemas operativos, crear e conectar dispositivos en redes informáticas así como programar aplicacións básicas mediante linguaxes de programación.

Esta materia é principalmente práctica, aínda que en todas as avaliacións, hai conceptos teóricos.

Sistema de avaliación: 70% media das actividades prácticas e 30% media dos Test

Contidos

- Busca avanzada de información. Presentación da información
- Uso da folla de cálculo para representación de funcións e datos
- Tratamento avanzado da Imaxe
- Fotografía e vídeo dixital 3D
- Programación avanzada con Scratch
- Creación de Apps para Android